

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A DIOCESE DE OURENSE PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONSULTA E EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DA ASCENDENCIA GALEGA AO COLECTIVO DE PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS E A SÚA DESCENDENCIA

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2025

REUNIDOS

Por una banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, (en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril), en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E pola outra, José Leonardo Lemos Montanet, bispo da diocese de Ourense, provista de código de identificación fiscal R-3200001J, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura da presente addenda e, para estes efectos,

EXPOÑEN


Primeiro

É competencia da actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, creada por Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, as relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Secretaría Xeral da Emigración, correspóndelle entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Segundo

O 3 de abril de 2025, a actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinou un convenio de colaboración coa Diocese de Ourense.



Na cláusula primeira do convenio sinálase que o seu obxecto é establecer o marco da colaboración as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de que poidan acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo histórico Diocesano de Ourense.


Terceiro

O Arquivo Histórico Diocesano de Ourense ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social e de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a moitas persoas descendentes da emigración galega a demostrar a súa ascendencia.

Cuarto

Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica por un importe de **doce mil euros (12.000€)** con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.


Na cláusula terceira, obrigas das partes, a Diocese de Ourense comprométese a prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración dos resultados desta iniciativa.



Debido á entrada en vigor, primeiro da chamada "lei da memoria histórica" (Lei 52/2007, do 26 de decembro) e máis recentemente da **Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática**, moitas ducias de milleiros de descendentes de emigrantes galegos mobilizasen na procura da documentación que lles posibilite acadar a nacionalidade española. As persoas de orixe galega que demandan documentación de familiares ou lugares de orixe de antecesoros incrementouse nos últimos tempos razón pola que a Diocese de Ourense viu incrementados os custos das tarefas de búsqueda dos documentos de filiación, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas de ascendencia galega, é preciso incrementar o importe da achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en 8.000€.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación,

ACORDAN



Cláusula Primeira: incrementar en 8.000€ a achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración prevista na cláusula cuarta, que queda redactada do seguinte xeito no primeiro parágrafo:

"Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de vinte mil euros (20.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025."

Cláusula segunda: Modificar o prazo de xustificación e o de vixencia recollidos na cláusula oitava parágrafo primeiro, que queda redactada do seguinte xeito:

"A data limite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de decembro de 2025."


e na cláusula décimo sexta, que queda redactada do seguinte xeito no parágrafo primeiro:

"Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen".

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

O bispo de Ourense



José Leonardo Lemos Montanet